



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 37)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta de setembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto e o señor deputado don Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de setembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo. EXP 2022/CON_02/000050 , consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7ATWI5DPUM4SFD5QHXARJ6GY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A4DJ63UPN5FBKTUUGEULTGA.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7A47HSOAFZXC5D67YRPZRGCM.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV7A47H2JP7CYT72UUNVHZLUMI.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV:
IV7A4DILFVE5TDZTWRF4D7H4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:
IV7A47PNPMFZ7CN6DVO5H3RR6E.

Informe xurídico complementario, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:
IV7A4DJY3QVCTHZ7WIGH4R2HOM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo. EXP 2022/CON_02/000050, para unha duración de dous (2) anos, prorrogables por outros dous anos, de ano en ano (2+1+1).

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación do servizo.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo

132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 2.479.411,62 €, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 520.676,44 € o que fai un total de 3.000.088,06 euros.

5º.- O prezo total incluído IVE financiase de acordo as seguintes anualidades:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE- ANUALIDADE 2023	IMPORTE- ANUALIDADE 2024	Totais
PAZO PROVINCIAL	9200.22701	399.503,20	399.503,21	799.006,41
SANTA MARÍA	9200.22701	284.188,95	284.188,95	568.377,90
PAZO DOS DEPORTES	3420.22701	265.388,84	265.388,83	530.777,67
MUSEO PROVINCIAL	3330.22701	358.561,40	358.561,40	717.122,80
PAZO DE TOR-MONFORTE DE LEMOS	3332.22701	168.479,42	168.479,42	336.958,84
BOLSA MINIMA DE HORAS	9200.22701	23.922,22	23.922,22	47.844,44
		1.500.044,03	1.500.044,03	3.000.088,06

O presente contrato trátase dun gasto anticipado segundo o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 un importe de 1.500.044,03 euros, e na anualidade 2024 a cantidade de 1.500.044,03 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS



TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGOTERMAL 2022-2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo LugoTermal 2022-2023. 2022/CON_02/000070, consta no mesmo:

Programa de envellecemento activo LugoTermal aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 16.09.2022.

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7ASL322BH6JXZSSMPDM43C4Y.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ASL33NEVJUWXCAVWPYDCGU.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7ASL2OLPX57ORC2QXGMNTQ4M.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AQOQ5GBZZYRE3WZEHCQSTJY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7A47SPHFBY5XP22N7UMPTHIE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A47SDBYOC37G3TUMHORSTMI.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación, dividida por lotes, dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo LugoTermal 2022-2023. 2022/CON_02/000070, para unha duración dende o 01.11.2022 (data estimada de inicio) ata o 30.06.2023.

LOTE	Prazas con estancia	Prazas sen estancia
LOTE 1 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	75	150
LOTE 2 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	75	75
LOTE 3 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	500	150

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación do servizo.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites aos licitadores que se indican a continuación.

LOTE	ESTABLECEMENTOS DE AUGAS TERMAIS	CIF	REXISTRO SANITARIO
1	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L.	B-27295898	C-27-000137
2	HOTEL BALNEARIO AGUAS SANTAS, S.L.	B-27290717	C-27-000727
3	BALNEARIO DO RIO PAMBRE, S.L.	B- 27249598	C-27-000326

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 65.325,00 €, aos que se engadirá o IVE (10%) de 6.532,50 €, o que fai un total de 71.857,50 €.



O importe do programa ascende a 71.857,50 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	RC
2022	2314.22799	49.747,50 €	22022/27582
2023		22.110,00 €	220229/479
TOTAL		71.857,50 €	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 49.747,50 €,€, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA QUE CONSTITÚE A BASE DE DATOS DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN ASÍ COMO O MÓDULO DO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Mantemento da aplicación informática que constitúe a base de datos do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación así como o módulo do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A47TSAFVDSXOKSB6BIXSPCA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AVSHNDZGMT6BTYDY5DYQAKU.

Informe complementario, con CSV: V7ATS35ZAVKVVW44BVOTBYPHCY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7ASLQCIDX7ZWR4RU5R6VLXMU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7A4CZILL6K4XG7WEOVIHS654.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A4CZJBYH73JNTVUER4M7HEQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Mantemento da aplicación informática que constitúe a base de datos do servizo de xestión tributaria e recadación así como o módulo do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.



3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 98.320,96 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.647,40 €, o que fai un total de 118.968,36 €, de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO CONTABLE RC	IMPORTE
2022	9320.216	22022/25537	14.871,05 €
2023		220229/483	59.484,18 €
2024		220229/483	44.613,13 €
TOTAL			118.968,36 €

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 14.871,05 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19 de setembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Orde de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DSK7MZQNIKRO76T5DCYSCOM¹.

2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DSK7DBBPOJCPL2YXFMUXO4M.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7D4SDL3ZV4TXWYTT5U4VQEOA.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4L7IBYJD7W632VWVGIBDEM.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D4L7P37WNXC4MQJXQ6RIX44.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4PX2LVRJYWO2QUMUMZTEMQ.

7. Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D6WAYHMOJ2VMNY34V4YYP6Q.

8. Acta da Mesa de Contratación do día 18 de xullo de 2022, con CSV IV7DE4IIJQPZZFDAUMHF4IDBY, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
ESTACIÓN DE SERVICIO GUNTÍN S.L.
GASÓLEOS FORTALEZA
JESÚS LÓPEZ SOMOZA

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos A, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado polas tres licitadoras axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre B, relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO (Desconto en tanto por un)	PRAZO ENTREGA
ESTACIÓN DE SERVICIO GUNTÍN S.L.	0,032	24
GASÓLEOS FORTALEZA	0,08	24
JESÚS LÓPEZ SOMOZA	0,03	48

A mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	PRAZO ENTREGA	NOTA PRAZO ENTREGA	TOTAL
ESTACIÓN DE SERVICIO GUNTÍN S.L.	0,032	38	24	5	43
GASÓLEOS FORTALEZA	0,08	95	24	5	100
JESÚS LÓPEZ SOMOZA	0,03	35,63	48	0	35,63

Unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación

co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	GASÓLEOS FORTALEZA S.L.	100
2	ESTACIÓN DE SERVICIO GUNTÍN S.L.	43
3	JESÚS LÓPEZ SOMOZA	35,63

2º.- Requirir á empresa Gasóleos Fortaleza para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
97.890,90 €	4.894,05 €

9. Resolución de Presidencia do 05 de agosto de 2022, con CSV: IV7DGIK6FMBOTKEJQI4RGELR74, de clasificación e requirimento de documentación.

10. Requirimento de documentación, cursado á empresa mellor valorada, a través da plataforma de contratación do sector público o día 26 de agosto de 2022.

11. Documentación presentada pola empresa Gasóleos Fortaleza S.L. a través da plataforma de contratación do sector público o día 09 de setembro de 2022.



Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 19 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase de que a licitadora proposta como adjudicataria presentou en prazo a documentación obxecto de estudo.

No tocante ao certificado de operador de produtos petrolíferos, a empresa aporta acordo de renovación de inscrición no rexistro territorial de impostos especiais. O técnico do Servizo de Arquitectura expón que para obter a renovación necesariamente debe contar co referido certificado, polo que se considera acreditada a habilitación empresarial esixida nos pregos.

No relativo á solvencia técnica o licitador aporta declaración responsable na que recolle que dispón de camiós e depósitos con capacidade versátil adaptable aos consumos da entidade. A declaración acompáñase dun certificado do proveedor, no que se recollen as características do produto obxecto de subministración, considerando o técnico do Servizo de Arquitectura que se axusta aos requisitos esixidos no prego para este contrato.

A capacidade e apoderamento acréditase mediante certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a alta no epígrafe correspondente do IAE. Achega as contas anuais debidamente depositadas no Rexistro Mercantil para acreditar a solvencia económica e financeira. Aporta certificados de estar ao corrente coas débedas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social; incorpórase ao expediente certificado de estar ao corrente de débedas coa Deputación de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer máis observacións neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar á empresa Gasóleos Fortaleza S.L. a contratación da subministración de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, por importe de

97.880,90 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.554,99 €, o que fai un total de 118.435,89 €, ofertando un desconto - en tanto por un - sobre o Prezo Base semanal para España publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía da Unión Europea de 0,080 co compromiso de entregar a subministración solicitada en 24 horas.

O importe de adxudicación distribúese atendendo ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE(IVE ENGADIDO)	2022	RC/22	2023	RC/23
MUSEO PROVINCIAL	3330.22103	33.440,72	10.032,22 €	22022/17517	23.408,51 €	220229/289
EDIFICIO MIÑO	9200.22103	11.146,90	3.344,07 €	22022/17518	7.802,84 €	220229/290
GRANXA	4120.22103	2.786,73	836,02 €	22022/17519	1.950,71 €	220229/291
PAZO DE TOR	3332.22103	9.753,55	2.926,06 €	22022/17520	6.827,48 €	220229/292
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.22103	61.307,99	18.392,40 €	22022/17515	42.915,59 €	220229/293
TOTAL		118.435,89	35.530,77 €		82.905,12 €	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican e polas contías que se indican, no orzamento de gastos do 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- A duración deste contrato é de un ano, con posibilidade de prórroga por outro ano. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SECCIÓN DE MANTEMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 23 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

Antecedentes:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D2ODNPARZX2G2UUECMDXD4M.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7D2O35BJVO6XODS464IJXEJY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D2OD2PA4K5WMSAMMQHZ3QCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2MLPJEG2KRHZCZFC4ZK7EY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2MLNJUB33CP7VQACGURW5Y.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D3SCZNX7T577SDRPNGZIBEM.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7D2MKPZAGS JLJ3A4AUCDRDEU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xullo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DEXAIN3ZSWRMDUNIHOR3P4E.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 15 de xullo de 2022.

Acta da Mesa de Contratación do día 12 de agosto de 2022, con CSV: IV7AU6KPZH4S2WMZZR7MMYDT5Y, na que se recolle o seguinte:

“Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que a documentación administrativa presentada pola empresa é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

DESCONTO PREZO	DESCONTO PRAZO	PUNTOS PREZO	PUNTOS PRAZO	PUNTUACIÓN TOTAL
47,75%	60,00%	50	50	100

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, sendo o resultado que a oferta si está incurso en oferta anormalmente baixa ou desproporcionada, por ser o desconto ofertado superior a 25% e ser un único licitador.

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Sonepar Ibérica Spain, SAU, para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou



executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”

Reunida a mesa o día 23 de setembro de 2022, en primeiro lugar, pola Presidencia dáse conta que, a mesa de contratación na sesión celebrada o día 12 de agosto de 2022, acordou requirir á empresa Sonepar Ibérica Spain S.A.U., a xustificación do baixo nivel dos prezos ofertados.

O día 16 de agosto, deuse traslado – a través da plataforma de contratación do sector público- á referida empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou o día 20 de agosto documentación co obxecto de xustificar a baixada ofertada, documentación que se trasladou á unidade tramitadora o día 22 de agosto de 2022.

O xefe da sección de mantemento, emitiu informe con CSV: IV7ASLPPNFEMXBHSAP6T4NROOU, o día 21 de setembro do 2022, no que se conclúe que a xustificación presentada pola empresa Sonepar Ibérica Spain S.A.U., explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custos propostos.

A mesa acorda aceptar e facer seu o informe técnico. Acto seguido, valórase a documentación do artigo 150 da LCSP, obtida polo Servizo de Contratación, resultando que consta no rolece NIF, DNI do representante e obxecto social. Incorporárase ao expediente certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o

integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.(...)”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Admitir a proposta presentada pola empresa Sonepar Ibérica Spain S.A.U., asumindo como propio o informe realizado pola Sección de Mantemento.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SONEPAR IBÉRICA SPAIN S.A.U.,	100

3º.- Adxudicar á empresa Sonepar Ibérica Spain S.A.U., o contrato de subministración de diverso material eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo, por importe de 26.250,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.512,50 €, o que fai un total de 31.762,50 €, aplicándose un desconto dun 47,75% sobre os prezos unitarios e dun 60% sobre os prazos máximos recollidos no PPT.

O importe de adxudicación distribúese conforme as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	9200.212	13.000,00	22022/20948
2023	9200.212	18.762,50	220229/442
SUMA		31.762,50	

Existe consignación orzamentaria na aplicación indicada polo importe referido para a anualidade 2022. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada na aplicación sinalada.



4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23-09-22, RELATIVO AO INICIO DE EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DUNHA FINCA NO CONCELLO DE A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres do presente mes de setembro, relativo ao inicio do procedemento de expropiación forzosa dunha finca no concello de A Fonsagrada.

Tendo en conta que se produciu un erro material na transcripción do número de referencia catastral da finca indicada tanto no informe de Secretaría Xeral coma na proposta da Presidencia, o que deu lugar polo tanto a erro no propio acordo da Xunta de Goberno.

Por todo elo, tendo en conta o informe do Secretario Xeral de data vinte e seis do presente mes de setembro, así como o sinalado no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno a adopción do acordo de corrección do citado erro no seguinte sentido:

Onde di: “... con número de referencia catastral 7267105PH5776N0001WE...”

Debe dicir: “... con numero de referencia catastral 7267104PH5776N0001HE...””

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE OBRA CORRESPONDENTE Ó EXPEDIENTE SUBDOT-2021/032, MVMC DE BARDAOS (O INCIO) DAS SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, ANO 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada 23 de xullo de 2021, foron aprobadas as bases que rexerán a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios.

As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da Provincia de Lugo nº 170 de 27 de xullo de 2021.

Resultando que con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/032, correspondente á MVMC de Bardaos (O Incio), destinada as obras de “Mellora e acondicionamento de camiños” concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,15 €.



Visto que con data de Rexistro de Entrada de 17 de xullo de 2022, a representante do MVMC de Bardaos (O Incio), presenta escrito solicitando modificación do proxecto debido ao encarecemento do custo dos materiais dende a data na que foron orzamentados na memoria inicial.

Con data 27 de setembro de 2022, o Enxeñeiro T. Agrícola do Servizo de Cooperación e Proxectos, emite informe favorable a autorización da mencionada modificación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación da modificación da obra correspondente ó expediente SUBDOT-2021/032, MVMC de Bardaos (O Incio).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO NA CANDIDATURA *LIFE_FOREST MIRROR*, NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS DO PROGRAMA DE MEDIO AMBIENTE Y ACCIÓN CLIMÁTICA (*LIFE*) NATUREZA E BIODIVERSIDADE - PROXECTOS DE ACCIÓN ESTÁNDAR (SAP) (*LIFE-2022-SAP-NAT*).

Ponse en coñecemento da Xunta de Goberno as seguintes cuestións:

O Programa LIFE é o Programa da UE para o Medio Ambiente e a Acción polo Clima. Como tal, é un dos principais contribuíntes ao Pacto Verde Europeo que ten como obxectivo transformar a UE nunha sociedade xusta e próspera, cunha economía moderna, eficiente no uso dos recursos e competitiva na que non haxa emisións netas de gases de efecto invernadoiro en 2050 e na que o crecemento económico estea desvinculado do uso dos recursos e protexer, conservar e mellorar o capital natural da UE, e protexer a saúde e o benestar dos cidadáns fronte aos riscos e impactos relacionados co medio ambiente e o clima.

Con data 17 de maio de 2022, publicouse no Portal de financiamento e licitacións da Comisión Europea a convocatoria de propostas do Programa de Medio Ambiente y Acción Climática (LIFE) Natureza e Biodiversidade - Proxectos de Acción Estándar (SAP) (LIFE-2022-SAP-NAT).

O marco regulatorio para este Programa de financiamento da UE ven recollido no Regulamento 2018/1946, financeiro da UE así como no Regulamento do programa LIFE 2021/783.

A convocatoria cubre dúas temáticas: Natureza e Diversidade (LIFE-2022-SAP-NAT-NATURE) e Gobernanza da natureza (LIFE-2022-SAP-NAT-GOV). Cada solicitude de proxecto debe abordar solo un destes temas.

Procedemento de avaliación e adxudicación das propostas:

O prazo de presentación de propostas remata o 04.10.2022.

Unha vez recibidas a Comisión conta cun Comité de avaliación de todas as solicitudes no que inicialmente comprobán a adecuación das propostas aos requisitos formais (admisibilidade e elegibilidade).

Aquelas consideradas admisibles e elegibles serán avaliadas en función da súa capacidade operativa e os criterios de adxudicación e logo serán puntuadas e clasificadas.

As propostas exitosas serán invitadas para a preparación de subvencións. A invitación non supón concesión da axuda. Aínda quedarían controis legais previos e incluso axustes á proposta para a concesión da mesma.

Concedida a axuda se realizará un acordo de asociación coa entidade beneficiaria para a continuación iniciar a execución do proxecto subvencionado.

Está previsto que en marzo do 2023 finalice a fase de avaliación dos proxectos presentados a esta convocatoria.

Tras diferentes conversas realizadas con outros actores do territorio, a Deputación de Lugo está interesada en participar no proxecto denominado *LIFE_forest mirror*, que consiste na planificación e xestión de bosques en risco de abandono, incendio, contaminación, etc. mediante modelos de explotación en autoxestión de baixa intervención humana.



Trátase dun proxecto de ámbito autonómico no que diferentes entidades galegas colaborarán para a súa posta en marcha no caso de que resulte elixido pola Comisión Europea. Para a presentación da correspondente candidatura deste proxecto LIFE, estas entidades uniránse nun partenariado de cara a formalizar a súa participación na mencionada convocatoria. As entidades que previsiblemente formarán parte deste partenariado son as seguintes: Unións Agrarias, a Consellería de Medio Rural, as catro deputacións provinciais de Galicia, dúas universidades (Vigo e Santiago de Compostela), dúas entidades financeiras (Abanca e Banco Sabadell) e un medio de comunicación (La Voz de Galicia).

O proxecto *LIFE_forest mirror*, terá unha duración estimada de 60 meses e, no caso de ser concedido, prevé o seu inicio en setembro do 2023.

No que respecta aos custos do proxecto, reflíctese na seguinte táboa unha estimación da súa cantidade total con indicación dos custos que se estiman para a Deputación de Lugo. De acordo con esta estimación, as actuacións a desenvolver na provincia de Lugo suporían un orzamento total de 542.931,91 € dos que a Comisión Europea subvencionaría un máximo de 325.759,15 €. A resultas disto, a aportación da Deputación de Lugo con fondos propios ascendería a 217.172,76 € a repartir entre as anualidades correspondentes ao período comprendido entre o 2023 ou o 2024 (dependendo da data na que se inicien as actuacións que corresponda executar á entidade provincial) e o 2028:

DIPUTACIÓN LUGO

PARTICIPANTE	personnel costs	travel and subsistence	equipment	other goods and services	indirect costs	total estimated costs	funding rate	max. Eu contribution	request contribution	max. Grant amount	own resource	total estimated project income
TOTAL	2.500.000,00	65.426,00	392.528,00	850.473,00	266.589,89	4.075.016,89	60%	2.445.010,13	2.445.010,13	2.445.010,13	1.630.006,76	4.075.016,89
DIPUTACIÓN	330.000,00	8.871,00	53.224,00	115.318,00	35.518,91	542.931,91	0,60	325.759,15	325.759,15	325.759,15	217.172,76	542.931,91

Tal e como se observa na táboa anterior, a maioría dos custos estimados para a Deputación de Lugo na execución do proxecto, son custos de persoal.

Por outra banda, é importante destacar que as cantidades sinaladas non son máis que unha estimación de custos. Como se explicou no punto 1 desta proposta, a Comisión Europea, tras a oportuna avaliación, decidirá se invita a preparar a proposta da subvención. Nese momento a

Comisión ten capacidade para propoñer a súa vez novas actuacións e a modificar e axustar os custos estimados.

Tendo en conta que a provincia de Lugo conta case coa terceira parte da superficie forestal de Galicia, que o 68% do seu territorio corresponde a usos forestais dos que case a metade son superficie arbolada e que este pulmón verde está gravemente ameazado polas queimas considérase prioritario formar parte de este tipo de actuacións que favorezan a correcta xestión do monte.

Considerando as experiencias previas moi favorables como socios ou beneficiarios de anteriores convocatorias LIFE. Por exemplo o proxecto LIFE Parga-Ladra-Támoga que derivou no recoñecemento da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Ou o actual proxecto *LIFE In common land*, que estamos a executar na Serra do Xistral, e no que se están conservando turbeiras e recuperando queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas. E tamén o proxecto LIFE Lugo+Biodinámico, liderado polo Concello de Lugo, no que a entidade provincial colabora unicamente como cofinanciador.

Tendo en conta, así mesmo, que a participación na candidatura do proxecto *LIFE_forest mirror*, non supón neste intre compromisos financeiros dado que estes deberán ser adoptados no momento no que a Comisión Europea realice a invitación para preparar a proposta de subvención.

Polo exposto, ponse en coñecemento desta Xunta de Goberno que a Deputación de Lugo participará no partenariado que presentará a candidatura do proxecto denominado *LIFE_forest mirror* na convocatoria de propostas do programa de medio ambiente e acción climática (LIFE), natureza e biodiversidade - proxectos de acción estándar (SAP) (LIFE-2022-SAP-NAT).”A Xunta de Goberno queda enterada.

10. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:



“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2022, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a Entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2022.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº 056 de 10 de marzo de 2022.

A Vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2022, aprobou a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022, que estableceu un prazo de dez (10) días para que os interesados puidesen presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios realizouse a través de publicación no BOP nº 141 de data 21 de xuño de 2022.

Tendo en conta que consta alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional de acordo co punto “10.- Acordos de Resolución e comunicación/notificacións”.

(...)

“1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.”

(...)

A vista de que con data 22 de setembro de 2022 celebrouse reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

A vista do informe da Comisión de avaliación.

A vista do informe do Servizo de Cultura.

Visto o informe do servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación;

1º.- Non admitir a trámite a documentación presentada por D^a Cecilia Vázquez García, con DNI 33****90 X, en calidade de Presidenta da Asociación Cultural y de Vecinos y Comerciantes del Barrio de San Antonio de Padua, con CIF G27 ****05, por atoparse fora dos prazos establecidos nos puntos 8 e 10 das Bases da Convocatoria.

2º.- Estimar a alegación formulada por D. Luís Alfonso Trigo Fernández con DNI 33****96 P, en calidade de Presidente da Entidade Asociación Cultural O Cruceiro, con CIF G27****31, con expediente nº 2022_CCP_01_000034, de 12 de marzo de 2022, que presenta escrito de alegación o día 28 de xuño de 2022, baixo o número 2022RT009582, de acordo ao establecido no punto 1 das Bases da convocatoria. Esta incorporación afectará ao reparto económico total que figuraba na Resolución provisional de concesión de data 17 de xuño de 2022.

3º.- Desestimar a alegación formulada por D. Diego González Rifón, con D.N.I. 33****86 Q, en calidade de Presidente da Entidade Asociación Veciñal Aguiar de Outeiro de Rei, con CIF G27****21, con expediente número 2022_CCP_01_000156, de data 17 de marzo de 2022, que presenta alegacións o día 1 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009806, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022 en aplicación ao punto 8 das Bases da convocatoria, así como aos artigos 29, 40, 41, 43 da Lei 39/2015.

4º.- Desestimar a alegación formulada por D^a Hilda Murado Linares, con DNI 76****32Q, en calidade de Presidenta da Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba de Órrea, con CIF G27****28, con expediente número 2022_CCP_01_000334, de data 21 de marzo de 2022, que



presenta alegacións o día 26 de xuño de 2022, baixo o número 2022RT009486, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación ao punto 8 das Bases da convocatoria e dos artigos 29, 40, 41, 42, 66, 67 e 68 da Lei 39/2015.

5º.- Desestimar o recurso formulada por D. Pablo Núñez Fernández, con DNI 76****10 N, en calidade de Presidente da Asociación Quiroga en Marcha, con CIF G27****34, con expediente número 2022_CCP_01_000352, que presenta un recurso o día 24 de xuño de 2022, baixo o número 2022RT009479, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación ao establecido nos puntos 2, 10 e 17 das Bases da convocatoria.

6º.- Desestimar a alegación formulada por D. Julián Alonso Díaz, con DNI 10****35 Y, en calidade de Presidente da Sociedade Micolóxica Lucus, con CIF G27****54, con expediente número 2022_CCP_01_000371, que presenta alegación o día 5 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009896, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación das previsións recollidas no informe do Servizo de Novas Tecnoloxías e TICs, no punto 8 das Bases da convocatoria, nos artigos 40, 41, e fundamentalmente 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7º.- Desestimar a alegación formulada por D^a María Inés Lozano Carral, con DNI 33****93 X, en calidade de Presidenta da Entidade Asociación Recreativa e Cultural San Martiño de Pino con CIF G27****63, con expediente número 2022_CCP_01_000393, de data 23 de marzo de 2022, que presenta alegacións o día 5 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009917, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación do establecido no punto 8 das Bases da convocatoria e no artigo 43 da Lei 39/2015.

8º.- Desestimar a alegación formulada por D^a María Dolores Paderne Gómez, con DNI 33****37V, en calidade de Presidenta da Entidade ANPA CEIP Península da Paz, con CIF G27****85, con expediente número 2022_CCP_01_000396, de data 23 de marzo de 2022, que presenta documentación o día 4 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009855, en base aos

argumentos e análises expostas por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación do establecido no punto 8 das Bases da convocatoria e dos artigos 29, 40, 41 e fundamentalmente 43 da Lei 39/2015 onde se fai referencia á practica das notificacións a través de medios electrónicos.

9º.- Desestimar a alegación formulada por D. Luís Neto López, con DNI 76****25 E, en calidade de Presidente da ANPA CEIP Albeiros, con CIF 27****68, con expediente número 2022_CCP_01_000424, de data 24 de marzo de 2022, que presenta alegación o día 6 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009935, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación ao sinalado nos puntos 6 e 8 das Bases da convocatoria, así como do artigo 35 da Lei 39/2015. Acórdase así mesmo corrixir o erro material desta Área, indicando que o motivo da desestimación é que “Segundo o punto 8 das Bases da convocatoria non se subsanaron as deficiencias sinaladas no requirimento aprobado por Resolución da Presidencia de 20-4-2022”.

10º.- Desestimar a alegación formulada por D. Martín Rouco López, con DNI 33****85 G, en calidade de Presidente da AA.VV. Santiago de Sancovade, con CIF G27****85 G, con expediente número 2022_CCP_01_000420, de data 24 de marzo de 2022, que presenta alegación o día 5 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009920, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación ao establecido no punto 8 das Bases da convocatoria, así como nos artigos 29, 40, 41 e 43 da Lei 39/2015.

11º.- Desestimar a alegación formulada por D. Manuel José Vázquez Regal, con DNI 34****62C, en calidade de Presidente da A.C. Amigos do Folión, con CIF G27****38, con expediente número 2022_CCP_01_000325, de data 21 de marzo de 2022, que presenta alegación o día 1 de xullo de 2022, baixo o número 2022RT009802 en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 17 de xuño de 2022, en aplicación do punto 3 das Bases da convocatoria.

12º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a



realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022, na que se reflicte o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e que constan nas listaxes que se achegan anexadas ás actas da Comisión de Avaliación, e que reflicten, ademais, o resto das solicitudes que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases.

13º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2022: RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2022 acordou a aprobación das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo anualidade 2022.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº70, sábado 26 de marzo de 2022.

Á vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 5 de agosto de 2022, e en base ao informe da Comisión de Avaliación aprobou a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2022 que estableceu un prazo de dez (10) días para que os interesados puidesen presentar

alegacións e que a notificación aos beneficiarios/as se realizou a través de publicación no BOP nº 189, do venres 19 de agosto de 2022.

Tendo en conta que constan alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional e que de acordo co previsto no punto 8. Acordos de resolución e notificacións, no caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premio, e no seu caso, a estimación e que en base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Á vista de que con data 21 de setembro de 2022 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e circunstancias expostas e en base aos argumentos e análises expostas e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Desestimar a alegación formulada dona Lucía Varela Molejón, con DNI ***7897**en expediente 2022/PES_03/016873, e en consecuencia a solicitude de premio a deportista individual por non cumprir os requisitos deportivos previstos nas bases da convocatoria ao non acreditar no respectivo certificado federativo un resultado deportivo individual. (Base 2º B Requisitos deportivos.)

2º.- Desestimar a alegación formulada por dona Maria del Rosario Arruñada Lombardia, con DNI ***7630**, en calidade, de nai da deportista don Guillermo García Arruñada con DNI



*** 2370** en expediente 2022/PES_03/016951 presentada, por acreditarse correcta a asignación da puntuación prevista nas bases da convocatoria de acordo ao certificado federativo do deportista individual presentado (nº de rexistro 2022RT004932), e a desestimación provisional da concesión de premio en aplicación da base 7ª e 3ª das bases, por non lograr a puntuación suficiente para a concesión de premio, tendo en conta o número de premios previstos na convocatoria (185 premios), as solicitudes formuladas e o crédito orzamentario.

3º.- Desestimar a alegación formulada no presente por dona Natalia Teijeiro Vázquez, Con DNI ***2339** en calidade de nai da deportista don Hugo Moreno Teijeiro, con DNI ***8412** en expediente 2022/PES_03/17197, por acreditarse correcta a asignación da puntuación prevista nas bases da convocatoria de acordo ao certificado federativo do deportista individual presentado no expediente de solicitude 2022/PES_03/006991 (nº de rexistro 2022RT004938) non sendo procedente a valoración de documentación presentada extemporaneamente, e en consecuencia, acreditarse procedente a desestimación provisional da concesión de premio en aplicación da base 7ª e 3ª das bases, por non lograr a puntuación suficiente para a concesión de premio, tendo en conta o número de premios previstos na convocatoria (185 premios), as solicitudes formuladas e o crédito orzamentario.

4º.- Desestimar a alegación formulada por don Óscar Arturo Lopez Saavedra, con DNI ***6188** en expediente en expediente 2022/PES_03/017149, por acreditarse correcta a asignación da puntuación prevista nas bases da convocatoria de acordo ao certificado federativo do deportista individual presentado en data 04/05/2022 e número de rexistro SIR REGAGE22e00016274277, non sendo procedente a valoración de documentación presentada extemporaneamente, e en consecuencia, acreditarse procedente a resolución provisional da concesión dun premio de 300,00 euros, tendo en conta a puntuación asignada de acordo aos méritos deportivos, o número de premios previstos na convocatoria (185 premios), as solicitudes formuladas e o crédito orzamentario.

5º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2022, na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os/as que se propón a concesión de premios, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación e

que inclúe ademais aquelas solicitudes desestimadas por non cumpriren os requisitos establecidos nas bases.

6º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva, ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o referido acordo tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052, do 5 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2022; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indican:

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Organización de eventos deportivos 2022	Club Ciclista Milagrosa de Lugo	Gran Premio Milagrosa de Ciclismo	528,00 euros



13.- PROPOSTA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 21/2020, DE 14 DE FEBREIRO, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº1 DE LUGO NO PO 345/2017 (ETX 12/2022).

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no Procedemento Ordinario 345/2017 seguido a instancia de D. Ignacio Salvador Castro fronte á Deputación de Lugo contra o seguinte acto administrativo: “Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017, en cuya virtud se ha desestimado la solicitud realizada por el recurrente mediante escrito presentado en fecha 12 de junio de 2017, en el que interesó la resolución de lo procedente “... con la finalidad de llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.”, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Ignacio Salvador Castro frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como proceso ordinario número 345/2017, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, y en consecuencia anulo el Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017 por no ser ajustado al ordenamiento jurídico; y condeno a la administración demandada a llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.

Las costas procesales hasta la cifra máxima de seiscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte actora, se imponen a la parte demandada.”

Visto que fronte á dita Sentenza a Deputación interpón recurso de apelación, resolto pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia na súa sentenza

nº629/2020, de 23 de novembro, coa desestimación do recurso de apelación interposto, confirmando integramente a sentenza recorrida, sen imposición de custas.

Visto que representación procesual da Deputación presentou escrito preparando recurso de casación fronte á Sentenza nº629/2020, de 23 de novembro, ditada no recurso de apelación 4113/2020, o cal foi inadmitido a trámite pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo a través da súa Providencia de data 20 de xullo de 2021, con imposición das custas procesuais á parte recorrente.

Vista a proposta da Asesoría Xurídica para que a Xunta de Goberno adoptara o seguintes acordos:

“1.-Dar conta do fallo contido na Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Ordinario 345/2017 , no cal se sinala: “Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Ignacio Salvador Castro frente a la Excma. Diputación Provincial DE Lugo, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como proceso ordinario número 345/2017, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, y en consecuencia anulo el Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017 por no ser ajustado al ordenamiento jurídico; y condeno a la administración demandada a llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.

Las costas procesales hasta la cifra máxima de seiscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte actora, se imponen a la parte demandada.”

2.- Solicitar os informes que resulten necesarios para os trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza.”

Vista a certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno desta entidade de data 13 de agosto de 2021 no que por unanimidade dos asistentes se acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Vista a solicitude de informe técnico por parte da Presidencia da Deputación de data 8 de abril de 2022 a fin de dar cumprimento á devandita Sentenza ditada no Procedemento Ordinario 345/2018 cuxo teor literal é o seguinte:

“Antecedentes.

Nos autos do Procedemento Ordinario 345/2017 seguidos a instancia de D. Ignacio Salvador Castro fronte á Deputación de Lugo contra o seguinte acto administrativo: “Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017, en cuya virtud se ha desestimado la solicitud realizada por el recurrente mediante escrito presentado en fecha 12 de junio de 2017, en el que interesó la resolución de lo procedente ... con la finalidad de llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico”, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, cuxo fallo é o seguinte:

Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Ignacio Salvador Castro frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como proceso ordinario número 345/2017, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, y en consecuencia anulo el Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017 por no ser ajustado al ordenamiento jurídico; y condeno a la administración demandada a llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.

Las costas procesales hasta la cifra máxima de seiscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte actora, se imponen a la parte demandada.”

Fronte a dita Sentenza a Deputación interpuxo recurso de apelación, que foi desestimado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia na súa sentenza nº

629/2020, de 23 de novembro, confirmando integramente a sentenza recorrida, sen imposición de custas.

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo denegou a execución provisional da Sentenza ditada no procedemento EJP 7/2021 mediante o Auto nº61/21, de 23 de xuño de 2021.

A representación procesual da Deputación presentou escrito preparando recurso de casación fronte á Sentenza nº629/2020, de 23 de novembro, ditada no recurso de apelación 4113/2020, o cal foi inadmitido a trámite pola Sección 1ª da Sala do

Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo a través da súa Providencia de data 20 de xullo de 2021.

A proposta do Director da Asesoría Xurídica da Deputación, pola Xunta de Goberno da Deputación na sesión ordinaria celebrada o 13 de agosto de 2021, acordouse dar conta e cumprimento da Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

Dada a complexidade da execución do planeamento no ámbito do PERI 5.5/UI-9 mantivéronse diversas reunións técnicas, e tamén cos propios recorrentes ao obxecto de coñecer a situación e analizar a correcta execución dos trámites aos que se refire a sentenza de referencia.

O 3 de marzo de 2022 os recorrentes promoven a execución forzosa da Sentenza nº 21/2020, de 14 de febreiro ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

Por Dilixencia de Ordenación do Sr. Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo de data 11 de marzo de 2022 se ten por promovido o incidente de execución da Sentenza referida que se tramita co nº ETJ 0000012/2022.

Polo anterior, e ao obxecto de proceder á execución da Sentenza firme ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Lugo, e dar cumprimento asemade ao requirimento de informe que solicita o Sr. Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado na Dilixencia de



Ordenación de data 11 de marzo 2022, e en cumprimento do apartado 2º do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación na sesión ordinaria celebrada o 13 de agosto de 2021 no que se acordou solicitar os informes que resulten necesarios para os trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza, é polo que

Se solicita a elaboración urxente dun informe técnico sobre as actuacións a seguir para a execución da Sentenza nº 21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, en particular concretando todos os trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza e, por outra banda, que permita tamén dar resposta á información técnica solicitada polo Sr. Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado na Dilixencia de Ordenación de data 11 de marzo 2022.”

Vista a resposta remitida pola Unidade de Proxectos desta entidade de data 11 de abril de 2022 na que sinalaba o que segue:

“O día 8 de abril de 2022 recíbese escrito na Unidade de Proxectos, no que se solicita a elaboración urxente dun informe técnico sobre as actuacións a seguir para a execución da Sentenza nº 21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, en particular concretando todos os trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza e, por outra banda, que permita tamén dar resposta á información técnica solicitada polo Sr. Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado na Dilixencia de Ordenación de data 11 de marzo 2022.

A Unidade de Proxectos non conta con persoal coa especialización adecuada para a elaboración do solicitado no escrito, considerando que éste debería ser redactado por un técnico/empresa con experiencia acreditada na tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico.

Por este motivo, considérase que para a emisión do informe requirido sería conveniente a intervención dun técnico/empresa con experiencia acreditada na tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico, o que se comunica a fin de que se tomen as decisións oportunas, e quedando a disposición para a realización de outros trámites que poidan ser solicitados ao respecto, dentro do ámbito de competencias e especializacións do persoal da Unidade.”

Visto o anterior, a Presidencia da Deputación a través de escrito de data 21 de abril de 2022 solicita que se tramite o correspondente expediente para a contratación administrativa de técnicos/empresas con experiencia acreditada na tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico.

Visto que con data 11 de agosto de 2022 ten entrada a través da sede electrónica desta entidade “Informe técnico sobre as actuacións e trámites a seguir para a execución do planeamento vixente no que concirne aos terreos incluídos no ámbito do PERI 5.5 do PXOM de Lugo (sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Lugo), informe técnico que se emite por encargo da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo.

Visto o contido do devandito informe, en concreto, o sinalado no punto 3 do mesmo:

“3. Actuacións necesarias para a execución do ámbito de planeamento remitido PERI 5.5.

A execución integral do PXOM vixente no que se refire ao ámbito de planeamento remitido PERI 5.5 establecido para a Unidade de Intervención UI-9 (S. Francisco – Museo Provincial) require dunha secuencia de actuacións de ordenación, xestión urbanística e execución cos seguintes contidos:

1. A formación do Plan Especial de Reforma Interior.
2. A xestión da expropiación dos terreos e construcións.
3. A execución da intervención arqueolóxica e actuacións derivadas.
4. A elaboración, tramitación e execución do proxecto de urbanización.

3.1 A formación do Plan Especial de Reforma Interior PERI 5.5

A formación do plan especial de reforma interior constitúe a primeira das actuacións urbanísticas necesarias para a execución das previsións do planeamento xeral municipal vixente. O seu obxecto é a ordenación detallada do ámbito, remitida a un instrumento de planeamento que desenvolva as determinacións básicas dictadas polo PXOM:

A formación do PERI leva consigo un proceso secuencial de elaboración técnica da redacción dos documentos necesarios seguida de sucesivos trámites, que conforman o procedemento esixido para a adopción das decisións de planeamento que conluirán coa definitiva aprobación do plan de desenvolvemento que regulará a s condicións de ordenación urbanística,



coas determinacións establecidas na lexislación urbanista de aplicación, condicións nas que se producirá a execución posterior da actuación.

As fases en que haberá de producirse a formación do PERI, coas actuacións que levan consigo e indicación dos intervincentes, son as seguintes:

Fase previa. Disposición dos medios técnicos necesarios para a redacción e elaboración do plan especial nas sucesivas fases de tramitación.

Unha actuación previa que compete á Deputación de Lugo, na súa condición de Administración promotora do Plan, conforme ás determinacións do planeamento vixente e ao pronunciamento da Sentencia nº21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo. Que haberá de instrumentarse cos medios propios si dispón dos mesmos ou coa contratación dos medios externos necesario mediante os procedementos de licitación previstos na lexislación de contratos do sector público.

...”

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Proceder, por parte do Departamento que corresponda, a levar a cabo as actuacións que sexan necesarias para dispoñer dos medios técnicos necesarios para a redacción e elaboración do Plan Especial de Reforma Interior PERI nas sucesivas fases de tramitación. conforme ás determinacións do planeamento vixente e ao pronunciamento da Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo., tal e como consta no apartado 3.1 Fase Previa do “Informe técnico sobre as actuacións e trámites a seguir para a execución do planeamento vixente no que concirne aos terreos incluídos no ámbito do PERI 5.5 do PXOM de Lugo (Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, Xulgado Contencioso Administrativo Nº1 de Lugo.

2º.- Dar conta ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo que coñece da execución da Sentenza firme nº21/2020, de 14 de febreiro.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTODEURXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo que ten por obxecto cooperar no financiamento da “Reforma hangar de piragüismo praia dos Bloques”, anualidade 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins común de “Reforma hangar piragüismo Praia dos Bloques”, consta no expediente :

Solicitud de Concello de Ribadeo con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/007345 que inclúe ademais:

Proxecto - memoria valorado do investimento.

Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Ribadeo.

Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

Memoria de impacto económico.

Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.



E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que por parte da Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reforma hangar piragüismo Praia dos Bloques”, por importe total de 57.175,50 €, dos que 50.000,00 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 7.175,50 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.